



## CALENDARIO E PROCEDIMENTO DE ADMISIÓN E MATRICULA PARA O CURSO 2015/2016

*Disposición Transitoria primeira da Orde do 12 de marzo de 2013 (DOG o 15 de marzo)*

### **ALUMNADO QUE QUERE CAMBIAR DE CENTRO OU ESCOLARIZARSE POR PRIMEIRA VEZ NO VINDEIRO CURSO (xa poden facelo os nados en 2012)**

1.

**Do 1 de marzo ao 23 de marzo:** Presentación na Secretaría do Centro da **solicitud de admisión (Anexo II)** que se recolle na conserxería ou se descarga dende a web do Centro ou da Consellería). **Esta só se poderá presentar nun único centro** (o indicado en primeiro lugar) relacionando, se así o desexan, ata seis centros por orde de preferencia. Terá que estar asinada por calquera das/os titulares da patria potestade ou representantes legais. No caso de separación ou divorcio será necesaria a sinatura de ambas/os proxenitoras/es, agás que a patria potestade estea atribuída a un deles. En ambos casos, será necesario presentar, a resolución xudicial correspondente. As/os que queiran cambiar de centro deberán remitir ao colexio de orixe copia da solicitude de admisión presentada no novo centro. Irá acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI do alumno/a ou do Libro de Familia
- Se é trasladado doutro centro, certificación de matrícula.

2.

**Do 26 de marzo ao 8 de abril (no noso centro):** Presentación da documentación xustificativa dos criterios de baremación alegados (**só no caso de non haber praza para todos**, o que se comunicaría entre o 20 e 25 de marzo).

3.

**Antes do 25 de abril:** Publicación **provisional das listaxes do alumnado admitido** no taboleiro de anuncios e na páxina web do centro (disporán dun prazo de 5 días hábiles para posibles reclamacións). Resoltas as reclamacións, publicaranse **as listaxes definitivas do alumnado admitido e non admitido, antes do 15 de maio.**

4.

**Do 20 ao 30 de xuño:** Formalización da matrícula (E.Infantil e Primaria) con impreso (**anexo III**) que se recolle na conserxería ou se descarga dende a web do colexio ou consellería. **De non facela entenderase que o alumno/a renuncia á praza.**

O CEIP de OROSO está adscrito ao **IES de Oroso.**

O centro conta con servizo de **comedor escolar** de xestión municipal (14:15 h- 16:00h) e **servizo de madrugadores BOS DIAS COLE** en horario 07:30h-09:15h.

**As actividades extraescolares** en horario de tarde (16:00-18:00h) son xestionadas directamente pola ANPA CARBOEIRO

**HORARIO** de atención en **SECRETARÍA:**

- **Pola mañá:** de luns a venres de 9:15 a 10:00
- **Pola tarde:** martes de 16:00 a 17:00 horas.

Oroso, 20 de febreiro de 2015

